

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 37 (2014-2015), páxs. 323-328
ISSN: 1130-2682

**IMPUTACIÓN DE PERDAS NA LIQUIDACIÓN DAS
ACHEGAS AO CAPITAL SOCIAL. ANOTACIÓN
Á SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL
DE ALBACETE DE 9 DE MAIO DE 2014**

*ALLOCATION OF LOSSES IN LIQUIDATION OF CONTRIBUTIONS
TO SHARE CAPITAL. NOTES ON THE JUDGEMENT OF THE
PROVINCIAL COURT OF ALBACETE OF 9 MAY 2014*

ANXO TATO PLAZA¹

¹ Catedrático de Dereito Mercantil. Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: atato@uvigo.es.

Varios socios da sociedade cooperativa de Castela A Mancha Almendras Sierra de Segura causaron baixa na cooperativa. Ao liquidar as súas achegas ao capital social, o Consello Reitor deduciu das mesmas as perdas imputables aos socios nos exercicios precedentes. Os socios impugnaron os acordos de liquidación perante a Asemblea Xeral, que rexeitou estas impugnacións. O acordo da Asemblea Xeral foi entón impugnado ante a xurisdición ordinaria.

A demanda foi estimada só parcialmente en primeira instancia. Os socios recorreron entón perante a Audiencia Provincial de Albacete, solicitando a nulidade dos acordos de liquidación na medida en que se descontaban das achegas ao capital social as perdas imputables aos socios.

A Audiencia Provincial de Albacete rexeitou o recurso de apelación interposto polos socios. E para acadar esta conclusión, apoiouse, entre outros, nos seguintes fundamentos de Dereito: “A primeira cuestión do segundo motivo de oposición fai referencia á suposta falta de información á que foron sometidos os ex socios por parte da cooperativa nas súas liquidacións, facéndose referencia expresa aos exercicios que se tiveron en conta para aplicar deduccións por perdas, a que non se informou das perdas de exercicios anteriores e cal é a produción de cada socio, alegándose que é a cooperativa a que debe probar cada un dos extremos das liquidacións que realiza o Consello Rector, pois se ben esta afirmación pode chegar a ser certa de xeito indirecto, non é menos certo que a falta de información que constitúe a causa de pedir dunha suposta anulabilidade debe ser probada pola parte actora (...). É obvio que a cooperativa cumpriu co procedemento establecido e que as débedas, perdas e resultado aplicado nas liquidacións eran os efectivamente auditados e aprobados nas Asembleas Xerais e que a distribución entre seccións era axustada á norma mercantil e contable e se realizaba de xeito regular e correcto, e así mesmo que as distribucións de perdas a cada un dos socios se realizou correctamente en función da actividade cooperativa e que os saldos do cliente proveedor de cada un dos actores eran correctos e estaban ben contabilizados, (...) aportándose tamén, ademáis das liquidacións de cada un dos demandantes, os libros maiores, as facturas que sustentan os saldos, as contas anuais, a separación da contabilidade e contas de perdas e ganancias das seccións, actas da Asemblea Xeral, informes de auditoría, un informe pericial exhaustivo e detallado sobre a contabilidade, contas, distribución de perdas e débedas, resultado de cada exercicio e saldos de cliente proveedor, etc., datos que non foron desvirtuados por inexactos polos recorrentes. Respecto da pretendida falta de información, que os actores eran socios da cooperativa e tiñan acceso á totalidade da documentación xa que esta documentación era pública ao estar inscrita no Rexistro de Cooperati-

vas, e que a restante correspondíase coa actividade cooperativa da cal cada socio tiña toda a información das datas de alta e baixa, sendo coñecedores dos anos de permanencia, as hectáreas afectas, e os kilos que achegan, e non se advirte que existira problema en que eles mesmos poderan comprobar a liquidación e ademais coñecían como eran as hectáreas afectas, kilos achegados, facturas recibidas e emitidas, e dispoñían de todos os albaráns que eles mesmos asinaban, sendo cuestión distinta que os actores nunca solicitaran esa información nin á cooperativa nin ao Rexistro de Cooperativas, polo que tamén deben rexeitarse estes extremos do recurso e a alegación de que as perdas non foron correctamente imputadas, aprobadas e aplicadas pola cooperativa, tendo quedado en sentenza delimitados os feitos para establecer as perdas de cada un dos exercicios en base aos informes de auditoría, contas anuais, actas das Asembleas Xerais e Informe pericial que amosan que as perdas de cada un dos exercicios foron correctamente imputadas, correctamente aprobadas e en ningún caso a súa deducción vulnera o establecido nos Estatutos sociais e na Lei de Cooperativas, non sendo certa a alegación segundo a cal só os socios que abandonaron a cooperativa sufrirán a asunción de perdas e non os que permanecen, pois en cumprimento estricto da normativa contable, mercantil e específica cooperativa, se un socio actual decide irse da cooperativa, na súa correspondente liquidación repercutiráselle a parte de perdas que lle corresponda dacordo coa actividade cooperativa, mentres que se o socio permanece na cooperativa e se dan beneficios futuros, non cobrará os beneficios ata que se compensen as perdas con estes, co que paga directamente as perdas con cargo ao retorno cooperativo, e de igual forma se o socio continúa poderá ter que asumir en calquera momento a obriga de pagar proporcionalmente as perdas, pois ou ben se pode acordar a achega de capital para compensar perdas ou ben se cumprirá o prazo máximo de dez anos que as perdas poden permanecer na conta de resultados negativos de exercicios anteriores a compensar con beneficios futuros”.

2

A baixa dun socio na cooperativa fai nacer en favor deste o dereito ao reembolso das súas achegas ao capital social. Agora ben, antes de ser reembolsadas, estas achegas deben ser liquidadas. E, dentro das operacións de liquidación, ocupa un lugar destacado a imputación de perdas ao socio.

En efecto, a lexislación cooperativa permite que do importe das achegas ao capital social sexan deducidas aquelas perdas que deban ser imputadas ao socio no exercicio social no que causa baixa. Por esta razón, antes de proceder ao reembolso das achegas, debe agardarse ao peche do exercicio social correspondente. E, unha vez pechado o exercicio social, poderase proceder á liquidación das achegas, descontando do seu importe nominal –entre outros posibles importes- as perdas que deban ser imputadas ao socio que causa baixa.

3

Polo demais, e como ben destaca a sentenza que anotamos, esta imputación de perdas non xenera ningún tipo de desigualdade entre o socio que causa baixa na cooperativa e aqueles que permanecen nela. En efecto, existen diferentes criterios na lexislación cooperativa á hora de regular a imputación de perdas. Non obstante, a práctica totalidade da lexislación cooperativa contempla, ben a súa imputación a unha conta especial para a súa amortización con cargo a futuros resultados positivos, ben a súa imputación aos socios (xa sexa de xeito directo ou previa imputación aos fondos de reserva voluntarios ou obrigatorios).

Deste xeito, os socios que permanecen na cooperativa tamén deben ásumir a imputación de perdas, ben de xeito directo, ben con cargo a futuros resultados positivos. En consecuencia, a imputación de perdas ao socio que causa baixa non xenera ningún tipo de desigualdade en prexuízo deste.

4

A sentenza que anotamos, por último, adéntrase tamén na análise dunha cuestión ulterior: a inexistencia dun dereito de información específico do socio que causa baixa en relación cos criterios de imputación de perdas na liquidación das súas achegas ao capital social. Cómpre recordar, neste senso, que no suposto que deu orixe á sentenza que nos ocupa instábase a anulación do acordo de liquidación alegando –entre outros extremos– que os socios que causaran baixa non foran debidamente informados dos criterios utilizados para imputar perdas no proceso de liquidación das súas achegas ao capital social. Sen embargo, a Audiencia, cun bo criterio, rexeita a existencia dun dereito específico de información do socio que causa baixa en relación cos criterios empregados para a imputación de perdas.

En efecto, non cabe ignorar que o socio xa ostenta un dereito de información xeral que lle permite o acceso ás contas anuais e á documentación relacionada con elas. Na Lei de Cooperativas de Galicia, este dereito recoñécese no artigo 23. Establece este precepto o seguinte: “Como contido mínimo do dereito de información, toda persoa socia ten dereito a: a) Recibir unha copia dos estatutos e, se é o caso, do regulamento de réxime interno, así como das modificacións deles, sendo responsabilidade do órgano de administración facilitar a dita documentación. b) Ter libre acceso ao exame do libro rexistro de persoas socias, ao libro de actas da asemblea xeral e ao libro de achegas ao capital social no domicilio social da cooperativa, e, se o solicita, a que o órgano de administración lle expida copia certificada dos acordos adoptados nas asembleas xerais, nun prazo non superior a quince días desde a solicitude, e así mesmo, se é o caso, copia certificada daquelas actas que sexan do seu interese e non estean aínda incorporadas ao libro de actas. c) Recibir, se o solicita, do órgano de administración copia certificada dos acordos do dito órgano que a afecten persoalmente e, en todo caso, a que se

lle amose e aclare no domicilio social da cooperativa, nun prazo non superior a un mes, o estado da súa situación económica coa cooperativa. d) Ter á súa disposición durante todo o prazo da convocatoria, para a súa consulta no domicilio social da cooperativa, as contas anuais, a proposta de distribución de resultados, o informe, se é o caso, de auditoría externa e o informe do órgano de intervención cando a asemblea xeral, conforme a orde do día, teña que deliberar e adoptar acordos sobre as contas do exercicio económico. Durante o dito prazo, calquera persoa socia poderá solicitar por escrito do órgano de administración, con polo menos cinco días de antelación á realización da asemblea xeral, calquera aclaración referida á documentación mencionada neste punto, para ser contestada no acto da asemblea xeral. Cando na orde do día se inclúa calquera outro asunto de natureza económica, será aplicable o establecido no parágrafo anterior, ben que referido á documentación básica que reflecta a cuestión económica que vaia debater a asemblea, e sen que sexa preciso o informe do órgano de intervención. e) Solicitar por escrito do órgano de administración calquera aclaración e informe sobre a marcha da cooperativa, que lle será proporcionado na primeira asemblea xeral da cooperativa que teña lugar, pasados quince días desde a presentación do escrito. f) Recibir do órgano de administración por escrito, nun prazo non superior a un mes, a información que considere necesaria, cando o 10% das persoas socias da cooperativa ou 100 persoas socias lla soliciten tamén por escrito”.

Así pois, atopámonos ante un dereito de información de perfís sumamente amplos, que permiten o acceso do socio a practicamente calquera documentación relacionada coa cooperativa e, máis en particular, a calquera documentación relacionada coas contas anuais e co estado da súa situación económica coa cooperativa. Por esta razón, non parece necesario recoñecer ao socio que causa baixa na cooperativa un dereito de información específico sobre os criterios empregados para a liquidación das súas achegas ao capital social, pois o socio pode acceder a esta información polo mero exercicio do dereito xeral de información que lle recoñece a lexislación cooperativa.